

GUÍA DOCENTE DE **INSTRUMENTO I-VIII (PIANO)**

## ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: INSTRUMENTO I-VIII										
ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN								ITINERARIO	PIANO
CARÁCTER	DISCIPLINA OBRIGATORIA								TIPO DE CLASE	INDIVIDUAL
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	PIANO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1.5 h.
ECTS/CUAD.	9	9	9	9	10	10	10	12	Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Síntese e dominio das dimensións da interpretación musical pianística e do repertorio do instrumento. Desenvolvemento dun estilo propio como intérprete e da madurez creativa, con hábitos e técnicas de estudo adecuados e valorando criticamente o traballo. Preparación adecuada para a interpretación en público e das técnicas de control postural e emocional.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Aqueles que están implícitos na proba de acceso
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X19, X21, X24, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Adquirir os recursos pianísticos que posibiliten a correcta execución do repertorio.	T1, T3, T6, T13, X1, X3, X6, X8, X11, EI1, X21, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10
Interpretar de memoria obras de diferentes estilos atendendo ás convencións interpretativas de cada un deles.	T1, T3, T6, T13, X1, X3, X6, X8, X11, X21, EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10
Adquirir as ferramentas necesarias que permitan ao alumno formarse e progresar en calquera dos ámbitos da especialidade.	T1, T3, T6, T13, X19, X24, X25



#### 4. CONTIDOS

Elaboración e estudo dun programa pianístico formado por estudos e obras de diferentes estilos.

Análise e traballo específico e pormenorizado de todos os elementos técnicos e musicais.

Interpretación en público: preparación e actuación.

#### 5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clase teórico-práctica individual: traballo pormenorizado sobre as obras con explicacións e suxerencias do profesor.	Presencial	Permanente ao longo do cuadrimestre
Práctica individual: estudo persoal do alumno seguindo ás directrices recibidas nas clases individuais.	Non presencial	Permanente ao longo do cuadrimestre
Audicións cuadrimestrais: participación do alumnado na audición organizada polo departamento interpretando de memoria o repertorio estudado.	Presencial	Ao final do cuadrimestre
Tutorías	Presencial	Esporádica ao longo do cuadrimestre

#### 6. AVALIACIÓN

O alumnado dispón de 4 convocatorias: 2 ordinarias e 2 extraordinarias.

En cada unha delas aplicarase o tipo de avaliación correspondente (avaliación ordinaria ou extraordinaria).

No caso da perda da avaliación continua o alumno ten dereito á aplicación da avaliación alternativa.

*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina*